

gosos (éter de pentabromodifenilo, éter de octabromodifenilo), introduciu o punto n.º 44 (éter de pentabromodifenilo) no anexo I parte 1 do dito real decreto cunha serie de limitacións que entraron en vigor o 15 de agosto de 2004.

Con posterioridade, a Comisión da UE estudou o caso da utilización do éter de pentabromodifenilo nos sistemas de evacuación de aeronaves en caso de emerxencias. Considerou que a contribución que representa o pentabromodifenilo para os riscos globais para a saúde e o ambiente é relativamente baixa no caso deste uso. Ademais tívose en conta a carencia actual de produtos alternativos e as consecuencias socioeconómicas que se producirían no momento actual se se mantivese a limitación recollida na Directiva 2003/11/CE do Parlamento Europeo e do Consello que se traspuxo pola Orde PRE/473/2004, do 25 de febreiro.

Esta situación levou a Comisión a establecer unha excepción limitada no tempo para ese uso concreto do pentabromodifenilo por medio da Directiva 2004/98/CE da Comisión. Considérase que no prazo concedido se poderán ensaiar outras alternativas para este uso.

A presente orde, que se dita en uso das facultades atribuídas na disposición derradeira segunda do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, incorpora ao noso ordenamento xurídico a citada Directiva 2004/98/CE da Comisión.

Na elaboración desta disposición consultáronse os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Sanidade e Consumo e de Medio Ambiente e do ministro de Industria, Turismo e Comercio, dispoño:

Primeiro. *Modificación da Orde PRE/473/2004, do 25 de febreiro.*

Engádesse un segundo parágrafo ao punto segundo (prórroga de comercialización) da Orde PRE/473/2004, do 25 de febreiro, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se imponen limitacións á comercialización e ao uso de certas substancias e preparados perigosos, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Non obstante, non se aplicarán ata o 31 de marzo de 2006 as limitacións dos números 1 e 2 do punto n.º 44 (éter de pentabromodifenilo) do anexo desta orde, aos sistemas de evacuación de emerxencia de aeronaves.»

Segundo. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 10 de marzo de 2005.

FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

XEFATURA DO ESTADO

4110 REAL DECRETO LEI 4/2005, do 11 de marzo, polo que se concede un prazo extraordinario de solicitude de axudas para as vítimas do terrorismo. («BOE» 61, do 12-3-2005.)

A Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo, supuxo o recoñecemento pola sociedade española de todas e cada unha das persoas que foron vítimas directas do terrorismo, así como dos seus familiares en caso de falecemento.

A dita lei foi obxecto de desenvolvemento mediante o Regulamento de execución da Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo, aprobado polo Real decreto 1912/1999, do 17 de decembro, posteriormente modificado polo Real decreto 288/2003, do 7 de marzo.

A experiencia adquirida na aplicación desta normativa puxo de manifesto a existencia de persoas coa consideración de vítimas do terrorismo que non puideron verse protexidas mediante a regulación normativa anteriormente indicada, debido, basicamente, ao mero transcurso do prazo fixado para solicitar as correspondentes indemnizacións. Esta situación disfuncional xustifica que se adopten as medidas oportunas para posibilitar que o dito colectivo poida exercer de modo efectivo o seu dereito a solicitar as pertinentes axudas.

Por outra parte, o tempo transcorrido sen que estas situacións fosen obxecto de tratamento específico aconsella abordalas co carácter de urxencia, acorde co testemuño e recoñecemento debidos ás vítimas do terrorismo, o que xustifica a utilización do real decreto lei nos termos previstos no artigo 86 da Constitución.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda e dos ministros de Xustiza, do Interior e de Traballo e Asuntos Sociais e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de marzo de 2005,

DISPOÑO:

Artigo único. *Prazo extraordinario de solicitude de axudas.*

Concédesse un prazo extraordinario de seis meses contados a partir da entrada en vigor deste real decreto lei para solicitar as indemnizacións reguladas na Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo, polos actos e feitos a que se refire a indicada lei acaecidos desde o 1 de xaneiro de 1968 e que non fosen indemnizados ao abeiro dela.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de marzo de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

4111 REAL DECRETO 276/2005, do 11 de marzo, polo que se desenvolve o artigo 2 do Real decreto lei 4/2004, do 2 de xullo, polo que se adoptan determinadas medidas relacionadas cos danos ocasionados polo accidente do buque «Pres-tige». («BOE» 61, do 12-3-2005.)

O artigo 2.1 do Real decreto lei 4/2004, do 2 de xullo, polo que se adoptan determinadas medidas relacionadas

cos danos ocasionados polo accidente do buque «Prestige», establece que «os titulares de actividades económicas de pesca, marisqueo e acuicultura que, con posterioridade ao 31 de decembro de 2003, experimenten perdas económicas nas ditas actividades que sexan consecuencia directa e inequívoca do derramo provocado pola catástrofe do buque «Prestige» poderán solicitar unha compensación polas perdas producidas no exercicio 2004».

Tal como se expresaba no preámbulo do sinalado real decreto lei, o obxecto da norma era tratar de coadruar ao resarcimento dos afectados no caso de que os efectos do derramo de hidrocarburos do buque «Prestige» se estendan no tempo provocando unha diminución notoria no índice de capturas e cultivos nas actividades de pesca, marisqueo e acuicultura. Para iso arbitrábase, aínda que limitado na súa contía, un sistema específico de compensación das perdas económicas que se poidan producir nas ditas actividades naquel período en que, tendo en conta a data da catástrofe, puidese aínda existir unha incidencia directa e inequívoca desta.

Mediante este real decreto desenvólvese o sinalado artigo 2 do Real decreto lei 4/2004, do 2 de xullo, conforme as especificacións contidas nos números 2 e 3 dese artigo.

En concreto, o número 2 establece que «a solicitude deberase presentar antes do 31 de marzo de 2005. Regulamentariamente, fixaranse os requisitos e condicións da compensación, entre os que figurará o da produtividade, e os órganos competentes e procedementos para a súa tramitación e pagamento», mentres que, de acordo co número 3, «o límite máximo de fondos dispoñibles para esta compensación fíxase en tres millóns de euros. En caso de insuficiencia do dito límite para compensar todas as perdas comprobadas, os fondos distribuiranse entre os afectados atendendo a criterios de proporcionalidade nos termos que se fixen regulamentariamente». Por último, no seu número 4 indícase que «a percepción, se é o caso, das compensacións enténdese sen prexuízo dos pagamentos que se efectúen como consecuencia dos acordos transaccionais a que se refire o artigo 6 do Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, sobre actuacións para o aboamento de indemnizacións en relación cos danos ocasionados polo accidente do buque «Prestige»».

Por outra parte, cómpre destacar que, á vista das súas características, estas compensacións se encadran dentro do concepto de subvención que se contén no artigo 2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o que supón que este desenvolvemento regulamentario incorpore as necesarias referencias exixidas polo texto legal na materia.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de marzo de 2005,

DISPÓÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular os requisitos e as condicións, así como o procedemento de tramitación e pagamento, das compensacións previstas no artigo 2 do Real decreto lei 4/2004, do 2 de xullo, polo que se adoptan determinadas medidas relacionadas cos danos ocasionados polo accidente do buque «Prestige».

Artigo 2. *Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios das compensacións que se regulan neste real decreto os titulares de actividades de pesca, marisqueo e acuicultura que sufrisen no exerci-

cio 2004 perdas económicas como consecuencia directa e inequívoca do derramo provocado pola catástrofe do buque «Prestige».

2. Os beneficiarios deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e, en particular, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais e fronte á Seguridade Social.

Artigo 3. *Solicitudes.*

1. Os beneficiarios que cumpran os requisitos exixidos poderán presentar as súas solicitudes de compensación dirixidas á Subsecretaría de Economía e Facenda, nos lugares a que se refire o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, conforme o modelo normalizado contido no anexo I, xunto coa seguinte documentación:

a) A identificación do solicitante mediante copia do documento nacional de identidade, se se trata de persoa física, ou da tarxeta de identificación fiscal, se se trata dunha persoa xurídica ou entidade.

No caso de representación, deberase xuntar documento notarial ou documento privado con sinatura lexitimada notarialmente.

b) Unha declaración responsable de que cumpre os requisitos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario.

c) Unha certificación da entidade de crédito que acredite o código de conta corrente do afectado en que, se é o caso, se deberá efectuar o ingreso.

d) A cuantificación das perdas económicas experimentadas no exercicio 2004, como consecuencia directa e inequívoca do derramo provocado pola catástrofe do buque «Prestige», á cal se xunta a pertinente documentación acreditativa daquelas.

Para estes efectos, a determinación da perda económica terá en conta, en todo caso, as diferenzas de produtividade, tomando en consideración as variacións dos recursos dispoñibles que se poidan producir no exercicio 2004 en relación cos recursos dispoñibles en exercicios anteriores.

2. O requisito de que o solicitante exerce a actividade de pesca, marisqueo ou acuicultura acreditarase mediante unha certificación do órgano competente da comunidade autónoma de que o solicitante posúe un permiso de explotación, de actividade ou de concesión no ano 2004 ou que exerceu nese mesmo ano a actividade de pesca, marisqueo ou acuicultura, en ambos os casos nunha zona afectada polo accidente do buque «Prestige». A certificación expedirase por solicitude da Subsecretaría de Economía e Facenda que, para este fin, lle remitirá á comunidade autónoma a correspondente listaxe dos solicitantes domiciliados no territorio da respectiva comunidade autónoma.

3. Para os efectos de acreditar o cumprimento do requisito de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social, a presentación da solicitude comportará a autorización á subsecretaría do Ministerio de Economía e Facenda para solicitar os certificados que deben emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

4. O prazo de presentación das solicitudes dos beneficiarios ten como data límite o 31 de marzo de 2005. Non obstante, a información e documentación a que se refiren as alíneas c) e d) do número 1 poderase achegar, sempre que se presentase en prazo a solicitude, durante o mes seguinte á finalización do prazo de presentación desta, conforme o modelo contido no anexo II.

Artigo 4. *Comprobación das solicitudes.*

1. As solicitudes presentadas e a documentación acreditativa que as acompañase serán remitidas pola Subsecretaría de Economía e Facenda ao Consorcio de Compensación de Seguros para a súa comprobación e avaliación. O Consorcio e os peritos designados por este poderán pedir-lles aos solicitantes, para os exclusivos efectos da aplicación deste real decreto, as aclaracións ou a documentación adicional do exercicio 2004 e de exercicios anteriores que precisen. Así mesmo, o Consorcio poderá solicitar, para estes efectos, o apoio e a colaboración de autoridades, organismos ou institucións públicas.

2. O Consorcio de Compensación de Seguros analizará a información presentada e remitirá un informe motivado á Subsecretaría de Economía e Facenda no cal se determinarán as perdas económicas comprobadas do ano 2004 motivadas polo accidente do buque «Prestige» que corresponde recoñecer a cada solicitante.

Artigo 5. *Resolución.*

1. A resolución corresponderá á Subsecretaría de Economía e Facenda, segundo o previsto na disposición adicional primeira do Real decreto 2182/2004, do 12 de novembro, polo cal se crea o Centro para a Prevención e Loita contra a Contaminación Marítima e do Litoral.

2. A Subsecretaría de Economía e Facenda, conforme o informe remitido polo Consorcio de Compensación de Seguros, en que figurarán as perdas económicas recoñecidas a cada solicitante, tendo en conta o límite máximo de tres millóns de euros, fixará as cantidades que se lles satisfarán en concepto de compensación aos beneficiarios conforme as seguintes regras:

a) Se o total de perda económica comprobada para o conxunto de beneficiarios representa unha cifra global igual ou inferior a tres millóns de euros, recoñecerase a compensación así determinada.

b) Se o total de perda económica comprobada para o conxunto de beneficiarios representa unha cifra global superior a tres millóns de euros, ratearase esa cifra máxima en proporción ás compensacións calculadas.

3. A resolución da Subsecretaría de Economía e Facenda porá fin á vía administrativa.

4. A Subsecretaría de Economía e Facenda notificaralle a compensación obtida a cada beneficiario.

5. De acordo co establecido nos números 4 e 5 do artigo 25 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de sub-

vencións, o prazo máximo para resolver e notificar a resolución fíxase en seis meses contado desde a finalización do prazo de presentación de información e documentación adicional á solicitude a que se refire o número 4 do artigo 3 deste real decreto. O vencemento deste prazo sen que se producise a resolución e notificación lexitimarán os interesados para entenderen desestimada por silencio administrativo a súa solicitude.

Artigo 6. *Pagamento.*

O pagamento das compensacións recoñecidas realizarase á conta bancaria do beneficiario indicada na solicitude.

Artigo 7. *Comprobación, control, reintegro e réxime sancionador.*

As compensacións reguladas neste real decreto están sometidas ao réxime de comprobación, control, reintegro e infraccións e sancións contido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 8. *Publicidade.*

Publicarase no «Boletín Oficial del Estado» a relación dos beneficiarios das compensacións concedidas en aplicación deste real decreto, de acordo co establecido no artigo 18.1 e 3.c da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Autorízase o ministro de Economía e Facenda para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de marzo de 2005.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro de Economía e Facenda,
PEDRO SOLBES MIRA

ANEXO I

Solicitud de compensación ao abeiro do artigo 2 do Real decreto lei 4/2004, do 2 de xullo

1. SOLICITANTE

Nome e apelidos/ razón social	NIF

2. REPRESENTANTE

Nome e apelidos/ razón social	NIF

3. DOMICILIO (para os efectos de notificación)

Clave	Vía pública	Localidade	Provincia	CP	Teléfono

4. DECLARACIÓN RESPONSABLE

Quen asina declara que cumpre os requisitos para ser beneficiario dunha subvención previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

5. ACTIVIDADE REALIZADA

PESCA MARISQUEO ACUICULTURA

6. CUANTIFICACIÓN DA PERDA (1)

O abaixo asinante declara que a perda económica experimentada no ano 2004 na actividade de pesca, marisqueo e acuicultura, consecuencia directa e inequívoca do derramo provocado pola catástrofe do buque "Prestige", foi de€.

7. DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA Á SOLICITUDE

Copia DNI ou NIF.

Documento de representación.

Certificación da entidade de crédito do código conta corrente (1).

Cuantificación da perda económica (1).

Outra documentación _____ (1).

8. DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGARÁ NO MES SEGUINTE Á FINALIZACIÓN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE (1)

Certificación da entidade de crédito do código conta corrente.

Cuantificación da perda económica.

Outra documentación _____.

En _____, o _____ de _____ 2005
Sinatura do/a solicitante

(1) Esta información e documentación poderase achegar, sempre que se presentase en prazo a solicitude, durante o mes seguinte á finalización do prazo de presentación desta.

ANEXO II

Información e documentación complementaria á solicitude de compensación ao abeiro do artigo 2 do Real decreto lei 4/2004, do 2 de xullo

1. SOLICITANTE

Nome e apelidos/ razón social	NIF

2. REPRESENTANTE

Nome e apelidos/ razón social	NIF

3. DOMICILIO (para os efectos de notificación)

Clave	Vía pública	Localidade	Provincia	CP	Teléfono

4. CUANTIFICACIÓN DA PERDA

Quen asina declara que a perda económica experimentada no ano 2004 na actividade de pesca, marisqueo e acuicultura, consecuencia directa e inequívoca do derramo provocado pola catástrofe do buque "Prestige", foi de..... €.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

Certificación da entidade de crédito do código conta corrente.

Cuantificación da perda económica.

Outra documentación _____.

En _____, o _____ de _____ 200

Sinatura do solicitante